

O pacto sobre as pensións: Un pacto contra a clase traballadora



Confederación
intersindical
Galega

**Contra este pacto, mobilízate e loita connosco
en defensa dunha Seguridade Social pública e solidaria**

O nove de outubro firmouse o acordo Goberno-CCOO/UGT sobre a reforma de Seguridade Social, consumándose neste acto unha dinámica iniciada polos sindicatos centralistas de renuncia a defender como é debido os dereitos sociais e laborais dos traballadores. Entre outras medidas regresivas, rebáixanse as pensións dos actuais e, sobre todo, dos futuros pensionistas, e o que é peor, déixase aberta a porta para futuros recortes da Seguridade Social e non se asegura a suficiencia financeira do Sistema.

Non é xustificable, baixo ningún concepto, aceptar recortes na Seguridade Social, cando o capítulo contributivo ten globalmente superavit, e cando os recursos adicados a protección social respecto do PIB no Estado Español estan moi por debaixo da media dos Estados da Unión Europea e moito máis de países como Alemania, Holanda ou Francia.

O Sistema non está en quebra, nin en perigo de quebrar no futuro. A única razón para recortar o sistema público de seguridade social é ceder ás presións dos poderes económicos e financeiros e á ofensiva das ideoloxías neoliberais. A xestión privada das pensións é o grande obxectivo destes, pois os máis de seis billóns de pesetas anuais en pensións que hoxe xestiona a Seguridade Social son unha tallada que os poderes financeiros queren aproveitar e explotar.

O pacto Goberno-CCOO/UGT significa:

- **A destrución do público en favor do privado**
- **A negación da solidariedade dun sistema público de reparto en favor da capitalización privada**
- **O grande negocio do século XXI**

